

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

- 5864** *Real decreto 536/2017, do 26 de maio, polo que se crea e se regula a Comisión de Seguimento, Control e Avaliación prevista no Real decreto lei 1/2017, do 20 de xaneiro, de medidas urxentes de protección de consumidores en materia de cláusulas chan, e polo que se modifica o artigo 6 do Real decreto 877/2015, do 2 de outubro, de desenvolvemento da Lei 26/2013, do 27 de decembro, de caixas de aforros e fundacións bancarias.*

I

O Real decreto lei 1/2017, do 20 de xaneiro, de medidas urxentes de protección de consumidores en materia de cláusulas chan, estableceu unha canle extraxudicial para facilitar aos consumidores e ás entidades de crédito que teñan subscrito un contrato de préstamo ou crédito con garantía hipotecaria que poidan alcanzar acordos e solucionar as controversias que se poidan suscitar como consecuencia dos últimos pronunciamentos xudiciais en materia de cláusulas chan e, en particular, a Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 21 de decembro de 2016, nos asuntos acumulados C-154/15, C307/15 e C-308/15.

O obxecto do Real decreto lei 1/2017, do 20 de xaneiro, é facilitar a devolución das cantidades indebidamente satisfeitas polo consumidor ás entidades de crédito en aplicación de determinadas cláusulas chan contidas en contratos de préstamo ou crédito garantidos con hipoteca inmobiliaria.

Mediante este real decreto créase unha Comisión de Seguimento, Control e Avaliación do cumprimento do Real decreto lei 1/2017, do 20 de xaneiro. Dítase no exercicio da potestade regulamentaria, de acordo cos principios de necesidade, o seguimento, control e avaliación das reclamacións efectuadas no ámbito de aplicación do real decreto lei, que só son posibles tras o desenvolvemento regulamentario previsto nel; eficacia das medidas urxentes de protección de consumidores en materia de cláusulas chan –o seu correcto funcionamento afiánzase cun sistema de seguimento, control e avaliación; proporcionalidade –só se require das entidades de crédito a información mínima imprescindible; seguridade xurídica garantindo a aplicación obxectiva da lei; transparencia –mediante a publicación dun informe semestral–, e eficiencia.

II

O real decreto componse de cinco artigos, tres disposicións adicionais e catro disposicións derradeiras.

Os artigos 1, 2 e 3 crean e regulan a Comisión de Seguimento, Control e Avaliación que velará polo cumprimento do Real decreto lei 1/2017, do 20 de xaneiro, para o cal poderá propor medidas de actuación e avaliará a información subministrada polas entidades de crédito e polo Banco de España.

Para facer posible que a Comisión de Seguimento, Control e Avaliación realice as súas funcións, o artigo 4 establece determinadas obrigas de información que deben cumprir as entidades de crédito. Entre outras, a información necesaria para constatar que a comunicación previa prevista no Real decreto lei 1/2017, do 20 de xaneiro, se realizou, especialmente a persoas vulnerables, para o cal se define o concepto de persoa vulnerable por remisión ao Real decreto lei 6/2012, do 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos.

Esta información completárase coas previsións da disposición adicional primeira que recolle que a Comisión de Seguimento, Control e Avaliación regulada neste real decreto poida solicitar do Ministerio de Xustiza a información que estea dispoñible a través da

aplicación LexNet no ámbito territorial en que estea implantado o dito sistema, relativa aos procedementos xudiciais nos cales se exerzan accións individuais sobre condicións xerais da contratación incluídas en contratos de financiamento con garantías reais inmobiliarias cuxo prestameiro sexa unha persoa física. A disposición adicional segunda prevé expresamente a ausencia de incremento do gasto como consecuencia da posta en marcha das funcións da Comisión que se crea e regula nesta norma. Pola súa parte, a disposición adicional terceira establece a posibilidade de actualización do plan financeiro por parte das fundacións bancarias e o seu prazo, tendo en conta a modificación que se realiza do Real decreto 877/2015, do 2 de outubro, na disposición adicional segunda.

O real decreto incorpora catro disposicións derradeiras. A primeira refírese aos títulos constitucionais habilitantes da norma; a segunda inclúe unha extensión do prazo de que dispoñen as fundacións bancarias para a constitución do fondo de reserva exixido pola Lei 26/2013, do 27 de decembro, de caixas de aforros e fundacións bancarias; a terceira prevé a aplicación supletoria da regulación común dos órganos colexiados no funcionamento da Comisión e a cuarta dispón que a entrada en vigor se producirá o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

A letra a) da disposición derradeira terceira do Real decreto lei 1/2017, do 20 de xaneiro, habilita o Goberno para ditar as disposicións necesarias para o seu desenvolvemento e pon especial énfase na posibilidade de crear un órgano de seguimento, control e avaliación, aspecto que regula este real decreto.

No que á disposición derradeira segunda se refire, a disposición derradeira décimo segunda da Lei 26/2013, do 27 de decembro, habilita o Goberno para adoptar as medidas e as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación da dita lei.

Así mesmo, a disposición derradeira segunda adoptouse atendendo aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica e eficiencia. A norma atende aos principios de necesidade e proporcionalidade dado que a dotación do fondo de reserva se flexibiliza só na medida necesaria para compatibilizar o obxectivo de mellora da gobernanza das entidades propiedade de fundacións bancarias coa adaptación das entidades á situación actual dos mercados financeiros. Aténdese ao principio de eficacia porque, ao se tratar dun requisito imposto por real decreto, resulta necesario acudir a este instrumento para modificalo. Obsérvase o principio de seguridade xurídica establecendo un mecanismo claro polo cal as fundacións bancarias con participacións de control en entidades de crédito poidan actualizar o seu plan financeiro. Aténdese ao principio de transparencia dado que a norma se someteu a audiencia pública. Finalmente, respéctase o principio de eficiencia na medida en que non se xeran cargas administrativas adicionais máis alá de se as fundacións bancarias optan por actualizar o seu plan financeiro.

Este real decreto dítase ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira terceira do Real decreto lei 1/2017, do 20 de xaneiro, de medidas urxentes de protección de consumidores en materia de cláusulas chan, así como da disposición derradeira décimo segunda da Lei 26/2013, do 27 de decembro, de caixas de aforros e fundacións bancarias, respecto da disposición adicional terceira e da disposición derradeira segunda.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía, Industria e Competitividade, e do ministro de Xustiza, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de maio de 2017,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Creación, obxecto e natureza da Comisión de Seguimento, Control e Avaliación.*

1. Créase a Comisión de Seguimento, Control e Avaliación do Real decreto lei 1/2017, do 20 de xaneiro, de medidas urxentes de protección de consumidores en materia de cláusulas chan. Esta comisión está adscrita ao Ministerio de Economía, Industria e Competitividade.

2. A Comisión ten por obxecto o seguimento, o control e a avaliación do cumprimento do Real decreto lei 1/2017, do 20 de xaneiro, de medidas urxentes de protección de consumidores en materia de cláusulas chan.

3. A Comisión ten a natureza de órgano colexiado de carácter representativo previsto nos artigos 15.2, 21.1 a) e 21.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 2. *Composición.*

1. A Comisión estará integrada polos seguintes membros:
 - a) O subgobernador do Banco de España, que presidirá a Comisión.
 - b) O secretario xeral técnico do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade.
 - c) Un representante do Ministerio de Xustiza, con rango de director xeral.
 - d) Un representante do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, con rango de director xeral.
 - e) Un representante do Consello de Consumidores e Usuarios.
 - f) Un representante do Consello Xeral da Avogacía Española.
 - g) Un representante do Consello Xeral do Poder Xudicial.
 - h) Un representante da Asociación Hipotecaria Española.
2. Os representantes das organizacións representativas de intereses sociais poderán substituír os seus membros titulares por outros, e deberán acreditalo con ao menos tres días de antelación ante o secretario da Comisión.
3. A Comisión apoiará o seu funcionamento nun secretario e, na súa falta, nun secretario suplente. Tanto o secretario como o secretario suplente serán designados polo subgobernador do Banco de España, representarán o Banco de España e asistirán ás reunións con voz pero sen voto.
4. A Comisión poderá solicitar a asistencia ás súas reunións e o asesoramento de técnicos pertencentes aos órganos de que forman parte os seus membros, especializados na materia e cuxa participación poida facilitar o mellor desenvolvemento das súas funcións.

Artigo 3. *Funcionamento.*

1. A Comisión determinará as súas normas de funcionamento e poderá establecer o seu propio réxime de convocatorias. En todo caso, a Comisión reunirse cada vez que sexa convocada polo seu presidente, ben por iniciativa propia ben por instancia de dous dos seus membros.
2. A Comisión estará validamente constituída para efectos da realización de sesións e adopción de decisións cando estean presentes, ao menos, tres membros dela e o presidente, ou quen o substitúa. Os seus acordos adoptaranse por maioría dos seus membros. O presidente da Comisión terá voto dirimente, para efectos de adoptar acordos.
3. Ao presidente correspóndelle presidir a Comisión, representala, fixar a orde do día, moderar as súas deliberacións, asegurar o cumprimento das leis e visar as actas e certificacións dos acordos.
4. En casos de vacante, ausencia, enfermidade ou cando conorra outra causa prevista legalmente, o presidente será substituído polo secretario xeral técnico do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade ou, na súa falta, pola persoa que designe o titular da Presidencia entre os membros representantes da Administración xeral do Estado.
5. En relación coas sesións da Comisión, o secretario encargarse de preparar os asuntos e a documentación, redactar as actas, velar pola legalidade formal e material e certificar as actuacións da Comisión, garantir que os procedementos e as regras de constitución do órgano son respectadas, así como calquera outra función que lle sexa encomendada por esta.
6. A Comisión poderase constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos e remitir actas tanto de forma presencial como a distancia, conforme o previsto no artigo 17.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Artigo 4. *Funcións.*

A Comisión solicitará e avaliará a información que lle traslade o Banco de España ou as entidades de crédito e publicará semestralmente un informe en que se avalíe o grao de

cumprimento do Real decreto lei 1/2017, do 20 de xaneiro. Este informe deberá remitilo o presidente da Comisión á Comisión de Economía, Industria e Competitividade do Congreso dos Deputados.

Artigo 5. *Obrigas de información.*

1. Con carácter mensual, as entidades de crédito remitirán á Comisión, a través do Banco de España, a información que aquela lles requira. Esta información incluírá, en todo caso, e individualizada para cada entidade de crédito:

- a) O número de solicitudes presentadas, as que remataron con acordo e aquelas en que non foi posible chegar a tal acordo, así como os motivos,
- b) O importe correspondente ás solicitudes presentadas, ás que remataron con acordo e a aquelas en que non foi posible chegar a tal acordo, debidamente desagregadas,
- c) O número e importe das medidas compensatorias distintas da devolución do efectivo que ofrecen aos consumidores e, de ser o caso, acordasen con eles, correspondente ás solicitudes presentadas, ás que remataron con acordo e a aquelas en que non foi posible chegar a tal acordo, debidamente desagregadas.

Así mesmo, cada entidade de crédito informará sobre o sistema que implantase para garantir a comunicación previa aos consumidores de que o seu préstamo hipotecario ten incluídas cláusulas chan, especialmente a persoas vulnerables.

2. Para efectos do previsto no número anterior, entenderase por persoas vulnerables aquelas que estean situadas no limiar de exclusión definido no artigo 3.1 do Real decreto lei 6/2012, do 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos.

3. A Comisión poderá igualmente requirir directamente ás entidades calquera outra información que considere apropiada en relación coas cláusulas chan, para os efectos do cumprimento das funcións que ten encomendadas, de conformidade co establecido na disposición derradeira terceira do Real decreto lei 1/2017 e neste real decreto.

Disposición adicional primeira. *Estatística sobre procedementos xudiciais.*

A Comisión de Seguimento, Control e Avaliación regulada neste real decreto poderá solicitar do Ministerio de Xustiza a información que estea dispoñible a través da aplicación LexNet no ámbito territorial en que estea implantado o dito sistema relativa aos procedementos xudiciais nos cales se exerzan accións individuais sobre condicións xerais da contratación incluídas en contratos de financiamento con garantías reais inmobiliarias cuxo prestameiro sexa unha persoa física.

Disposición adicional segunda. *Non incremento do gasto público.*

A aplicación do presente real decreto non suporá incremento do gasto. As medidas incluídas no presente real decreto serán atendidas coas dotacións orzamentarias ordinarias e non poderán xerar incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición adicional terceira. *Actualización do plan financeiro das fundacións bancarias.*

As fundacións bancarias a que se refire o artigo 44.3 da Lei 26/2013, do 27 de decembro, de caixas de aforros e fundacións bancarias, poderán actualizar o seu plan financeiro no prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.6.^a, 11.^a, 13.^a e 14.^a da Constitución, que atribúen ao Estado as competencias sobre lexislación mercantil, procesual, bases da ordenación do crédito, banca e seguros, bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, e facenda xeral e débeda do Estado, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 877/2015, do 2 de outubro, de desenvolvemento da Lei 26/2013, do 27 de decembro, de caixas de aforros e fundacións bancarias, polo que se regula o fondo de reserva que deben constituír determinadas fundacións bancarias; se modifica o Real decreto 1517/2011, do 31 de outubro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve o texto refundido da Lei de auditoría de contas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2011, do 1 de xullo; e se modifica o Real decreto 1082/2012, do 13 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.*

O artigo 6 do Real decreto 877/2015, do 2 de outubro, de desenvolvemento da Lei 26/2013, do 27 de decembro, queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 6. *Prazo de constitución do fondo de reserva.*

1. O volume obxectivo do fondo de reserva deberase alcanzar no prazo máximo de 8 anos desde a entrada en vigor da circular do Banco de España que desenvolva este real decreto ou desde a data en que a fundación bancaria adquira o control ou unha participación superior ao 50 por cento na entidade de crédito participada, se algún destes feitos ten lugar con posterioridade.

2. Se, como consecuencia da evolución da situación económico-financeira da entidade de crédito participada ou do desenvolvemento das condicións dos mercados, se advirte que non se pode alcanzar o volume obxectivo do fondo de reserva no prazo máximo de oito anos a que se refire o número anterior, a fundación bancaria poderá solicitar ao Banco de España unha ampliación do dito prazo ata un ano máis.

3. O calendario de dotacións ao fondo de reserva deberase detallar no plan financeiro que a fundación bancaria teña que presentar ao Banco de España. As dotacións periódicas previstas no citado calendario deberán ser lineais no tempo, sen prexuízo das eventuais modificacións do calendario xustificadas en virtude da variación das necesidades de recursos propios previstas no plan financeiro ou doutras circunstancias relevantes.

4. Ata que o fondo de reserva alcance o importe mínimo obxectivo que resulte da aplicación dos criterios establecidos no artigo 4, as fundacións bancarias deberán destinar ao fondo de reserva ao menos un 30 % dos importes recibidos das entidades de crédito participadas en concepto de repartición de dividendos en efectivo.»

Disposición derradeira terceira. *Réxime supletorio.*

En todo o non previsto especificamente neste real decreto ou nas propias normas de funcionamento aprobadas pola Comisión de Seguimento, Control e Avaliación do Real decreto lei 1/2017, serán de aplicación as regras relativas aos órganos colexiados previstas no título preliminar, capítulo II, sección 3.^a, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de maio de 2017.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia e para as Administracións Territoriais,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN